



Flavoparmelia caperata (L.) Hale

Coñecido tamén como *Parmelia caperata* (L.) DC., é moi común en Galicia e de ampla distribución mundial. Vive preferentemente sobre as codias das árbores, tamén sobre rochas, musgos e ás veces no mobiliario urbano, como por exemplo nos bancos.

O talo é foliáceo, forma rosetas de 5-15 cm de diámetro (foto 1). A cara superior é verde amarelenta cando está seca (fotos 2 e 4), e máis gris se está hidratada (foto 3).

Os lóbulos son de 6-15 mm de ancho, coas marxes arredondadas. A superficie é lisa, excepto na zona central, que ten aspecto erosionado pola presenza de sorais (fotos 3 e 4). Raramente fértil.

Cara inferior negra coa marxe marrón (detalle na foto 2).

Fotobionte: alga verde tipo clorococcoide.

Reaccións: medula branca K_{\pm} amarela, $KCl+$ rosa e $P+$ laranxa.

